

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 15 DE FEBREIRO DE 2023

SEÑORES ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIRO/A:

Don José Manuel Fernández Otero
Dona María D. Simón Valladares

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a quince de febreiro de dous mil vinte e tres, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as trece horas dez minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 8 de febreiro de 2023, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS DE REORGANIZACIÓN DE PARCELAS RÚSTICAS

- Rafael Fernández Cerbela

ANTECEDENTES

1. Dona María Teresa Fernández Blanco, na representación que acredita no presente expediente de Don RAFAEL FERNÁNDEZ CERBELA, con DNI núm. ██████████ e con domicilio no lugar da Torre de Carboentes, parroquia de Carboentes, solicita con

- data 15 de decembro de 2022 (RE-E núm. 629) licenza municipal para SEGREGACIÓN DA PARCELA 145 DO POLÍGONO 125 DE RODEIRO PARA REORGANIZACIÓN DA PROPIEDAD, con emprazamento na parroquia de Carboentes.
2. Achégase proxecto técnico redactado, en data 15/12/22, pola enxeñeira técnica agrícola María Teresa Fernández Blanco (corrección de erros de data 27/12/22).
 3. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. A intervención municipal ten o seu fundamento na competencia que lle confire o artigo 25.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), así como os artigos 5 e 8 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
2. A actividade solicitada atópase entre as sometidas a licenza municipal previa conforme ao previsto nos artigos 142.2 f) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e artigo 351.1 f) do Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG).
3. A solicitude para a reorganización de parcelas afecta a terreos clasificados como “solo rústico de protección agropecuaria”, “solo rústico de protección de augas” e “solo rústico de protección de espazos naturais” polo PXOM en vigor.
4. Proxéctase a segregación de parte dunha finca co obxecto de proceder á posterior agrupación da porción segregada a outra parcela lindeira. O que se pretende é a reorganización de ambas parcelas catastrais sen que resulte un número maior de parcelas respecto das orixinariamente existentes.
5. As parcelas matrices obxecto da segregación dispoñen das seguintes referencias catastrais:

36047A125001450000LA

36047A125001360000LE

6. Resulta de aplicación a Disposición Transitoria primeira da LSG, na que se establece que ao solo rústico dos municipios con planeamento aprobado definitivamente con anterioridade a

- entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, aplicaráselles o disposto na LSG para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo.
7. O artigo 149.2 da LSG permite a segregación de parcelas no solo rústico cando teñan como finalidade a reorganización da propiedade, sempre e cando non resulte un maior número de parcelas respecto do orixinariamente existente, suposto que se xustifica no proxecto presentado.
 8. As parcelas resultantes cumpren a superficie mínima establecida polo artigo 39 d) da LSG (2.000 m²).
 9. As fichas descritivas das parcelas resultantes da reparcelación obxecto da presente licenza, así como o plano parcelario correspondente inclúense respectivamente nos Anexos I e II do presente acordo, como parte integrante do mesmo de conformidade co previsto no artigo 355.2 f) do RLSG.
 10. Seguiuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.
 11. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.
 12. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 9 de marzo de 2021).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

CONCEDER a Don RAFAEL FERNÁNDEZ CERBELA licenza municipal para SEGREGACIÓN DA PARCELA 145 DO POLÍGONO 125 DE RODEIRO PARA REORGANIZACIÓN DA PROPIEDAD, con emprazamento na parroquia de Carboentes, con estrita suxeición ao proxecto técnico redactado, en data 15/12/22, pola enxeñeira técnica agrícola María Teresa Fernández Blanco (corrección de erros de data 27/12/22), coa condición especial seguinte:

- a) Esta concesión outórgase salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro e terán que cumprirse, de ser o caso, as condicións fixadas polos organismos con competencias sectoriais.

ANEXO I: FICHAS DESCRIPTIVAS DOS LOTES RESULTANTES

PARCELA RESULTANTE A

1.- Descrición

La finca A estaría situada en finca con referencia catastral **36047A125001450000LA** situada en el lugar de Ponte, parroquia Carboentes, ayuntamiento de Rodeiro, provincia de Pontevedra

La finca está situada en zona de "SUELO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE AGUAS, y en la zona Noroeste existe una pequeña porción catalogada como "SUELO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA" y "SUELO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE ESPACIOS NATURAIS", según el PXOM DE RODEIRO

2.- Lindes de la finca:

- **Norte:** parcela 146 del polígono 125
- **Sur:** parcela resultante B (formada por la parcela PONTE-B y la parcela 136 del polígono 125 (propiedad de Don Rafael Fernández Cerebela)
- **Este:** río
- **Oeste:** camino

3. - Superficie de la finca.

Se replantea la finca matriz, y a continuación se procede a realizar la segregación de la parcela obteniendo la siguiente superficie para esta parcela:

- **Superficie de la parcela:** trece mil trescientos sesenta y seis con treinta y cuatro metros cuadrados (13.366,34 m²).

4.- Frente mínimo a la vía pública: 95,05m

5.- Superficie construida: 0 m²

6.- Registro: finca no inscrita

PARCELA B

1.- Descrición

La finca B estaría situada en finca con referencia catastral **36047A125001450000LA** y la parcela con referencia catastral **36047A125001360000LE** situada en el lugar de Ponte, parroquia Carboentes, ayuntamiento de Rodeiro, provincia de Pontevedra

La finca está situada en zona de "SUELO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE AGUAS" y "SUELO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE ESPACIOS NATURAIS" según el PXOM DE RODEIRO

2- Lindes de la finca:

- **Norte:** parcela resultante A
- **Sur:** parcelas 124 y 135 del polígono 125
- **Este:** río
- **Oeste:** camino

3. - Superficie de la finca.

Se replantea la finca matriz, y a continuación se procede a realizar la segregación de la parcela obteniendo la siguiente superficie para esta parcela:


1. - **Superficie de la parcela:** cincuenta y siete mil cuatrocientos cincuenta y ocho con ochenta cuatro metros cuadrados (57.458,84 m²).


4.- Frente mínimo a la vía pública: 387,11 m

5.- Superficie construida: 594 m²

6.- Registro: finca no inscrita

ANEXO II: PLANOS PARCELARIOS





- Jesús Manuel Javier González Vázquez e catro máis

ANTECEDENTES

1. Dona Leticia Diéguez Alonso, na representación que acredita no presente expediente de Don JESÚS MANUEL JAVIER GONZÁLEZ VÁZQUEZ, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio na Coruña; Dona CONCEPCIÓN ARACELI SOLER MARTÍNEZ, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio na Coruña; Don JOSÉ VÁZQUEZ GARCÍA, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar da Torre, parroquia de Guillar; Dona MARGARITA DIÉGUEZ FAÍLDE, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar da Torre, parroquia de Guillar; e Dona CÁNDIDA VÁZQUEZ GARCÍA, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio en Lalín, solicita con data 28 de decembro de 2022 (RE-E núm. 650) licenza municipal para SEGREGACIÓN DE PARCELAS, con emprazamento no lugar da Torre, parroquia de Guillar.
2. Achégase proxecto técnico redactado, en data 27/12/22, pola enxeñeira de camiños, canais e portos Dona Leticia Diéguez Alonso.
3. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. A intervención municipal ten o seu fundamento na competencia que lle confire o artigo 25.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), así como os artigos 5 e 8 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
2. A actividade solicitada atópase entre as sometidas a licenza municipal previa conforme ao previsto nos artigos 142.2 f) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e artigo 351.1 f) do Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG).
3. A solicitude para a segregación de parcelas afecta a terreos clasificados como “solo rústico de protección agropecuaria” e “solo de núcleo rural e área de expansión” polo PXOM en vigor.

4. Proxéctase a segregación de varias parcelas coa finalidade de agrupar posteriormente as porcións segregadas ás parcelas lindeiras. O que se pretende é a reorganización das parcelas afectadas sen que resulte un número maior de parcelas respecto das orixinariamente existentes.
5. As parcelas matrices obxecto da segregación dispoñen das seguintes referencias catastrais:

36047A024004030000PF
36047A024004020000PT
36047A024114010000PD
36047A024003850000PE

6. Resulta de aplicación a Disposición Transitoria primeira da LSG, na que se establece que ao solo rústico dos municipios con planeamento aprobado definitivamente con anterioridade a entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, aplicaráselles o disposto na LSG para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo.
7. O artigo 149.2 da LSG permite a segregación de parcelas no solo rústico cando teñan como finalidade a reorganización da propiedade, sempre e cando non resulte un maior número de parcelas respecto do orixinariamente existente, suposto que se xustifica no proxecto presentado.
8. As parcelas resultantes cumpren a superficie mínima establecida polo artigo 39 d) da LSG para o solo rústico: 2.000 m²; e a establecida no artigo 66.5 apartado 1 do PXOM para o solo de núcleo rural (500 m²) e área de expansión de núcleo (1.000 m²).
9. As fichas descritivas das parcelas resultantes da reparcelación obxecto da presente licenza, así como o plano parcelario correspondente inclúense respectivamente nos Anexos I e II do presente acordo, como parte integrante do mesmo de conformidade co previsto no artigo 355.2 f) do RLSG.
10. Seguiuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.
11. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a

conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.


12. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 9 de marzo de 2021).


Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

CONCEDER a Don JESÚS MANUEL JAVIER GONZÁLEZ VÁZQUEZ, Dona CONCEPCIÓN ARACELI SOLER MARTÍNEZ, Don JOSÉ VÁZQUEZ GARCÍA, Dona MARGARITA DIÉGUEZ FAÍLDE e Dona CÁNDIDA VÁZQUEZ GARCÍA licenza municipal para SEGREGACIÓN DE PARCELAS, con emprazamento no lugar da Torre, parroquia de Guillar, con estrita suxeición ao proxecto técnico redactado, en data 27/12/22, pola enxeñeira de camiños, canais e portos Dona Leticia Diéguez Alonso, coa condición especial seguinte:


- a) Esta concesión outórgase salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro e terán que cumprirse, de ser o caso, as condicións fixadas polos organismos con competencias sectoriais.

ANEXO I: FICHAS DESCRIPTIVAS DOS LOTES RESULTANTES





ANEXO II: PLANO PARCELARIO



3.- LICENZA DE LEGALIZACIÓN DE OBRAS

- Gandería Casa Tenro S.C.

ANTECEDENTES

1. Don Rafael Señarís González, na representación que acredita no presente expediente da sociedade GANDERÍA CASA TENRO S.C., con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social no lugar de Barbeitos, parroquia de Negrelos, solicita con data 9 de novembro de 2022 (RE-E núm. 553) licenza municipal para LEGALIZACIÓN DE NAVE DE SERVICIOS EN EXPLOTACIÓN DE GANDO PORCINO PARA CEBO, con emprazamento no lugar de Barbeitos, parroquia de Negrelos.
2. A citada sociedade foi constituída en documento privado estendido con data 4 de xuño de 2012 e está integrada por Dona Eva Vázquez Méndez (DNI núm. [REDACTED]) e Don Héctor

- Calviño Vázquez (DNI núm. [REDACTED]). Dito documento foi elevado a público mediante escritura pública estendida con data 7 de xaneiro de 2013 ante o notario de Chantada (Lugo) Don Eduardo Díez Fernández-Barbé (protocolo núm. [REDACTED]).
3. Achégase proxecto técnico e anexo, visados polo colexio correspondente ([REDACTED], do 09/11/22 e anexo de data 29/11/22), redactados polo enxeñeiro técnico agrícola Don Rafael Señarís González.
 4. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. A intervención municipal ten o seu fundamento na competencia que lle confire o artigo 25.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), así como os artigos 5 e 8 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
2. A actividade solicitada atópase entre as sometidas a licenza municipal previa conforme ao previsto nos artigos 142.2 a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e artigo 351 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG).
3. A construción a legalizar sitúase en terreos clasificados como "solo rústico de protección forestal" polo PXOM en vigor.
4. Solicítase a legalización dunha construción de planta rectangular, destinada a servizos (local de control, oficina e aseo) e para o apoio dun depósito de auga de reserva dunha explotación de gando porcino existente.
5. A instalación obxecto de legalización localízase nas parcela identificadas coas seguintes referencias catastrais: 36047A052008250000PX, 36047A052008260000PI, 36047A052008240000PD e 36047A052008270000PJ (agrupadas ante notario).
6. O orzamento de execución material das obras ascende á cantidade de TRECE MIL TRESCENTOS SESENTA E DOUS EUROS CON CINCO CÉNTIMOS (13.362,05 €).
7. Resulta de aplicación a Disposición Transitoria primeira da LSG, na que se establece que ao solo rústico dos municipios con planeamento aprobado definitivamente con anterioridade a

- entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, aplicaráselles o disposto na LSG para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo.
8. As construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandería extensiva e intensiva e as granxas correspóndense cun uso admisible en calquera categoría de solo rústico logo da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística segundo o artigo 36.1 da LSG.
 9. A actividade obxecto da licenza non foi sometida a declaración de incidencia ambiental por non tratarse dunha modificación substancial da actividade, segundo o informe emitido pola técnica municipal de medio ambiente Dona Yolanda Aguiar Jorge con data 12 de xaneiro de 2023.
 10. Nos solos rústicos de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal (artigo 36.2 da LSG).
 11. A xefa do Servizo de Montes da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra, en data 22/12/22, informa de xeito favorable o proxecto (expediente núm. [REDACTED]).
 12. Con data 28/12/22 (RS núm. 731) achégase ao Servizo de prevención e defensa contra incendios forestais da Consellería do Medio Rural en Pontevedra a memoria técnica de prevención e defensa contra incendios forestais da legalización solicitada, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Don Rafael Señarís González, aos efectos de xustificar o cumprimento das medidas de aplicación establecidas no artigo 23.2 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
 13. O xefe territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra, por escrito de data 16/01/23 (RE núm. 72, do 18/01/23), acorda non emitir o informe solicitado ao consideralo de competencia exclusivamente municipal, polo que procede continuar co expediente de conformidade co previsto no artigo 80.4 da Lei

- 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
14. Seguiuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.
 15. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.
 16. Deberá liquidarse o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP núm. 248, do 29 de decembro de 1999, e a Taxa por licenzas urbanísticas, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP do día 27 de decembro de 1989.
 17. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 9 de marzo de 2021).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- CONCEDER a GANDERÍA CASA TENRO S.C. licenza municipal para LEGALIZACIÓN DE NAVE DE SERVIZOS EN EXPLOTACIÓN DE GANDO PORCINO PARA CEBO, con emprazamento no lugar de Barbeitos, parroquia de Negrelos, con estrita suxeición ao proxecto técnico e anexo, visados polo colexio correspondente (██████████, do 09/11/22 e anexo de data 29/11/22), redactados polo enxeñeiro técnico agrícola Don Rafael Señarís González, coas condicións especiais seguintes:

- a) Esta concesión outórgase salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro e terán que cumprirse as condicións fixadas polos organismos con competencias sectoriais.
- b) A presente licenza queda sometida á condición suspensiva, no que atinxe ao inicio das obras e implantación do uso, ata que se xustifique o cumprimento das obrigas establecidas conforme o artigo 39 e) da LSG. Aos citados efectos, será suficiente que o titular da licenza presente ante o Concello certificación expedida polo Rexistro da Propiedade da vinculación da total superficie real do predio á construción e usos autorizados, expresando a

indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade impostas na presente licenza (artigo 39 e) da LSG en relación co disposto nos artigos 65 e 67.3 do Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana).

c) En aplicación do artigo do artigo 11.2 do RIAE e do artigo 364.2 do RLSG, con carácter previo ao inicio da actividade, deberá presentar no Concello a seguinte documentación:

- ✓ Comunicación previa para o inicio da actividade.
- ✓ Certificado final de obra suscrito polo técnico director das mesmas e visado polo correspondente colexio profesional.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras pola cantidade de DOUSCENTOS SESENTA E SETE EUROS CON VINTE E CATRO CÉNTIMOS (267,24 €).

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación da Taxa por licenzas urbanísticas pola cantidade de SESENTA E SEIS EUROS CON OITENTA E UN CÉNTIMOS (66,81 €).

4.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRAS

— Paz Garcia Abelairas

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada con data 30 de setembro de 2022 (RE-E núm. 479), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	PAZ GARCÍA ABELAIRAS
DNI	██████████
DOMICILIO	LUGAR DE CALQUE, PARROQUIA DO SALTO
REPRESENTANTE	MARÍA MARISA PORTOMEÑE PÉREZ
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	REVESTIMIENTO DE FACHADAS EN ALMACÉN AGRÍCOLA
---------	---

LUGAR	CALQUE
PARROQUIA	O SALTO
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA
RFA. CATASTRAL DAS PARCELAS	36047A008000980000PM 36047A008001030000PD
DOCUMENTO TÉCNICO	Memoria valorada redactada pola promotora e certificados técnicos expedidos pola enxeñeira técnica agrícola Dona Marisa Portomeñe Pérez, en data 27/12/22
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	2.485,49 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	TRES (3) DÍAS
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 13/01/23)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de CORENTA E NOVE CON SETENTA EUROS (49,70 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o

momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

5.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 3 DA OBRA DE “HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA AVIADOR GUMERSINDO AREÁN”, INCLUÍDA NO PROGRAMA REACPON

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 3 correspondente á obra de “Humanización e mellora peonil da rúa Aviador Gumersindo Areán”, incluída no Programa REACPON, por importe de TRINTA E OITO MIL CINCOCENTOS TRINTA E DOUS EUROS CON CORENTA E CINCO CÉNTIMOS (38.532,45 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada pola directora de obra Dona Ana María García Mayo.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra VILARIÑO ESP S.L., por un importe de 38.532,45 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. 0013 (FACe), de data 31/01/23, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

6.- APROBACIÓN DA II ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E AS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA A “IMPLANTACIÓN, FORMACIÓN, SOPORTE E MANTEMENTO DUNHA SOLUCIÓN DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA”

Por Resolución da Alcaldía de data 12/03/21 resolveuse a adhesión do Concello ao *Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as entidades locais da provincia de Pontevedra para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica*. A vixencia inicial do Convenio fixouse nun ano, a partires do día 1 de abril de 2021, prorrogable expresamente a través de addenda ata un máximo de catro anos.

Por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de data 23/12/21 acordouse a prórroga do correspondente contrato, e por acordo do mesmo órgano de data 28/01/22 dispúxose aprobar unha primeira addenda ao Convenio, autorizando a prórroga do mesmo ata o día 10 de marzo de 2023.

Novamente e por acordo da Xunta de Goberno da Deputación, adoptado en data 30/12/22, aprobouse unha segunda addenda que amplía a vixencia do convenio ata o día 10 de marzo de 2024

A nova prórroga acordada considérase beneficiosa para os intereses municipais ao obxecto de continuar asegurando no Concello o cumprimento das obrigas que, en materia de administración electrónica, a lexislación vixente impón ás diferentes administracións públicas, así como para a xestión dos expedientes municipais.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Prestar aprobación á II Addenda ao *Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as entidades locais da provincia de Pontevedra para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica*.

Segundo.- Aceptar expresa e integramente as cláusulas da addenda ao

convenio e comprometerse ao cumprimento das obrigas que o Concello debe asumir en virtude do acordado.

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación que ostenta, asine a addenda ao convenio e cantos outros documentos resulten necesarios para a efectividade do presente acordo.

7.- DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE “PAVIMENTACIÓN E REFORZO DE FIRMES EN CAMIÑOS E ALDEAS DAS PARROQUIAS DE GUILLAR, RIOBÓ, CAMBA, NEGRELOS E SANTA BAIA DE CAMBA”, INCLUÍDA NO PLAN CONCELLOS 2022 (EXPEDIENTE PAS-O 4/2022)

De conformidade co establecido na cláusula 17ª do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación do contrato administrativo de obras denominado “Pavimentación e reforzo de firmes en camiños e aldeas das parroquias de Guillar, Riobó, Camba, Negrelos e Santa Baia de Camba”, en relación ao disposto no artigo 326 e na DA 2ª, apartado 7, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Designar como membros da mesa de contratación da obra de “Pavimentación e reforzo de firmes en camiños e aldeas das parroquias de Guillar, Riobó, Camba, Negrelos e Santa Baia de Camba” ás seguintes persoas:

PRESIDENTE: Rubén P. Quintá Quintá, alcalde do Concello.

VOGAIS: José Mª Novo Ramos, secretario-interventor do Concello.

Gerardo Abeledo Iglesias, arquitecto técnico municipal.

SECRETARIO: Francisco J. Lamazares García, funcionario do Concello.

8.- BASES E BAREMO PARA A PROVISIÓN DE SEIS (6) POSTOS DE TRABALLO SUBVENCIONADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2023

Dáse conta aos/ás Sres./as concelleiros/as presentes que a Deputación Provincial, por acordo da Xunta de Goberno de data 24 de xaneiro do corrente, resolveu conceder unha subvención, por importe de 120.154,08 €, para a contratación laboral de dez traballadores/as, de conformidade co solicitado por Resolución da Alcaldía de data 04/01/23, ao abeiro das bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (BOP núm. 208, do 31/10/22). Segundo a programación incluída na solicitude, cómpre proceder á provisión dos seguintes postos de traballo dos dez subvencionados: 4 peóns de obras públicas e 2 peóns teitadores en asfalto.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Aprobar as bases e o baremo de selección para a provisión de seis postos de traballo subvencionados ao abeiro do Plan Concellos para a activación do emprego 2023, co contido íntegro que se contén no anexo do presente acordo.

ANEXO

BASES QUE REXERÁN A SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN, CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL, DE 6 PERSOAS DESEMPREGADAS DENTRO DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2023 DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.

Primeira.- Obxecto.

As presentes bases teñen como finalidade a determinación do sistema, procedemento e criterios aplicables para a contratación, con carácter temporal, de 6 persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego, dentro da subvención concedida ao Concello en data 24.01.2023 pola Deputación de Pontevedra ao abeiro do programa de activación do emprego 2023 (Liña 3) - BOP núm. 208 do 31.10.2022 -.

Segunda.- Características da relación laboral

Co persoal finalmente seleccionado formalizarase un contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (DA 9ª do RDL 3/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o TR da Lei de Emprego) a tempo parcial de 30 h/semana, sendo os traballos a desenvolver de interese xeral e social indispensables para o bo funcionamento da comunidade e o benestar dos veciños, dentro do eido competencial propio das categorías para as que se realiza a contratación.

Denominación e número de postos ofertados:

- 4 peóns de obras públicas.
- 2 peóns teitadores en asfalto.

Duración do contrato:

- 1 peón de obras públicas: ata o 31 de decembro.
- 2 peóns de obras públicas: (6) seis meses e (12) doce días.
- 1 peón de obras públicas: (6) seis meses e (9) nove días.
- 2 peóns teitadores en asfalto: (6) seis meses e (12) doce días.

A duración establecida no anterior parágrafo queda condicionada ao requisito establecido na Base 1ª do Capítulo II das Bases reguladoras do programa que financia esta axuda. Polo tanto, de producirse demoras nas datas previstas de incorporación, a duración do contrato deberá axustarse para non exceder a data límite fixada no 31 de decembro de 2023.

Retribucións:

- Peóns: 1.026,67 €/brutos mensuais, incluído prorrateo de pagas extras.

Terceira.- Requisitos dos participantes

As persoas interesadas en tomar parte nesta contratación, deberán reunir os seguintes requisitos:

I) Requisitos específicos: Perfil Profesional requirido:

a. De acordo co establecido nas bases reguladoras das axudas do Programa de activación do emprego da Deputación Provincial, publicadas no BOP do 31 de outubro de 2022, ditas axudas destinaranse á contratación laboral de persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados nas categorías/ocupacións referidas na base anterior e que estean dispoñibles para o emprego.

b. Ademais dos anteriores deberán terse en conta os seguintes requisitos específicos:

Acreditar estar en posesión da seguinte titulación e/ou formación para os seguintes postos de traballo:

- Peóns de obras públicas e Teitadores en asfalto: ningún

Este será o perfil profesional que deberá ser requirido e incorporado no momento de presentar a oferta xenérica de emprego no Servizo Público de Emprego.

II) Requisitos xerais: Serán os requisitos legalmente previstos, con carácter xeral, para o acceso ao emprego público:

a. Ser maior de 16 anos, e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

b. Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

c. Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

d. Para os nacionais doutros estados estarase ao disposto no artigo 57 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; non obstante, se non é cidadán membro da Unión Europea, deberá, posuír o permiso de traballo necesario, de acordo co establecido na Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.

e) Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade previstas na lexislación vixente.

Estes requisitos deberán ser acreditados debidamente nos prazos e termos sinalados nestas bases para a presentación de documentación.

Cuarta.- Procedemento de selección:

a) *Preselección de candidatos mediante chamamento ao Servizo Público de Emprego:*

O Concello presentará oferta xenérica de emprego na Oficina Pública de Emprego, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir os aspirantes a ser contratados, conforme ás esixencias funcionais e profesionais da actividade a desenvolver, facendo constar a categoría profesional/postos a desenvolver. En todo caso, ditos criterios e requisitos específicos corresponderase co previsto, ao respecto, na base terceira, apartado I) das presentes bases, e non poderán conter, en ningún caso, elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación baseada en criterios persoais e/ou subxectivos e ao marxe dos principios de obxectividade e imparcialidade que deben guiar o presente proceso.

b) *Sistema de selección de candidatos:*

Unha vez remitidos ao Concello, por parte da Oficina Pública de Emprego, a relación de candidatos preseleccionados para a súa posible contratación, conforme aos criterios e requisitos previamente solicitados ao abeiro do referido *Plan de activación do emprego 2023 (Liña 3)*, procederase a selección definitiva dos mesmos de acordo co establecido nos seguintes parágrafos.

O sistema de selección a empregar consistirá nun concurso de méritos, no que se procederá á valoración dos méritos alegados polos diferentes candidatos, coa finalidade de valorar a adecuación e idoneidade dos aspirantes remitidos polo Servizo Público de Emprego para o adecuado desenvolvemento das funcións, contidos e actividades do posto obxecto de cobertura.

A estes efectos, no proceso de selección valoraranse os seguintes méritos, cuxa documentación acreditativa dos mesmos deberá entregarse no Rexistro Xeral do Concello de Rodeiro, no prazo máximo de 5 días naturais dende o día seguinte ao fixado polo SPEG para a súa presentación no Concello.

Unha vez presentada a documentación reunirse o Tribunal de selección para a valoración dos méritos, podendo conceder un prazo de 1 día hábil para emenda de documentación.

1.- Situación persoal: (máximo 12 puntos)

a.- Pertencer ao colectivo de vítimas de violencia de xénero: 2,0 puntos

Acreditarase coa certificación acreditativa da condición de vítima expedida polo Punto de coordinación das Ordes de Protección, ou organismo público equivalente.

b.- Ser candidato maior de 45 anos: 2,0 puntos

Xustificarase coa copia compulsada do DNI.

c.- Ser candidato cunha discapacidade superior ao 33%: 2,0 puntos

Xustificarase co certificado oficial de recoñecemento do grao de discapacidade.

d.- Ser candidato que forma unha familia monoparental con fillo ó seu cargo: 2,0 puntos

Acreditarase coa copia compulsada do Libro de Familia e certificado municipal de convivencia, ou copia compulsada da sentenza aprobatoria do convenio regulador da garda e custodia dos menores.

e.- Situación económica: (ata 2 puntos)

- | | |
|--|-------------|
| ▪ Ingresos netos mensuais per cápita inferiores ao 50 % do IPREM | 2,00 puntos |
| ▪ Ingresos netos mensuais per cápita inferiores ao 75 % do IPREM | 1,00 puntos |
| ▪ Ingresos netos mensuais per cápita inferiores ao IPREM | 0,50 puntos |

Acredítase coa copia compulsada da última declaración de IRPF da unidade familiar. No suposto de non tela presentada, certificación negativa e de rendementos imputables expedida pola Axencia Tributaria. A estes efectos, enténdese por unidade familiar a formada polo titular, cónxuxe ou parella de feito debidamente inscrita no rexistro correspondente e fillos menores de idade.

f.- Responsabilidades familiares: (ata 2 puntos)

- | | |
|---|-------------|
| ▪ Por cada fillo | 0,50 puntos |
| ▪ Por cada fillo con discapacidade recoñecida | 1,00 puntos |
| ▪ Por familiar numerosa con título expedido | 2,00 puntos |

Acreditarase coa copia compulsada do libro de familia e certificado municipal de convivencia da unidade familiar. No caso de discapacidade ou familia numerosa, copia compulsada dos documentos que o acrediten.

2.- Formación. Máximo 1 punto.

a.- Carné de conducir clase B en vigor: 0,50 puntos.

Xustificarase coa copia compulsada do carné de conducir.

b.- Curso de prevención de riscos laborais: 0,50 puntos.

Xustificarase coa copia compulsada do título. Os cursos de menos de 30h de duración non serán valorados.

3.- Méritos profesionais: Máximo 3,00 puntos.

- Por cada mes traballado en funcións relacionadas co posto a desenvolver: 0,05 puntos/ mes.

Para a determinación do número de meses acreditados polos interesados calcularase o número de días que transcorren entre a data inicial do período de servizos alegados e a data final de este. O número de días obtido dividirase entre trinta, de forma tal que o cociente enteiro resultante desta división será o número de meses por servizos prestados acreditados polo interesado. Polo tanto, todos os meses de servizos computaranse como trinta días. O resto de días inferiores a trinta que arroxe a anterior operación non será obxecto de consideración para o cómputo na valoración. A efectos do cómputo da experiencia profesional, terase en conta a xornada de traballo fixada e a proporcionalidade que para cada período contractual resulte do informe de vida laboral.

A experiencia acreditarase mediante os correspondentes contratos laborais (ou de non telos co certificado de empresa) e informe de vida laboral. No caso de ter solicitado o informe de vida laboral e non dispor del no prazo de presentación de documentación, xuntarase a copia da solicitude debendo achegalo no prazo dos días de emenda. No suposto de traballos realizados en administracións públicas, poderá substituírse o contrato de traballo por un certificado expedido pola persoa con competencia en materia de persoal na que conste de forma fidedigna o tempo traballado, a categoría profesional desempeñada e as funcións exercidas. No caso dos servizos prestados no propio Concello de Rodeiro bastará que o solicitante autorice a incorporación ao expediente deste certificado, marcando a xanela correspondente.

Os documentos non entregados para a xustificación e valoración dos méritos no proceso selectivo, nos prazos establecidos nas presentes bases, tanto de presentación inicial como de emenda, non serán tidos en conta na valoración e non puntuarán.

A existencia dunha omisión ou falsidade nos documentos presentados para demostrar calquera dos méritos, debidamente demostrada, será causa de exclusión do proceso de selección. Si se demostra posteriormente falsidade será causa de rescisión do contrato.

Todos os documentos e informes que se acheguen deberán ser orixinais e cotexarase no Concello.

Quinta.-Resolución de empates.

En caso de empate contratarase a persoa candidata que acredite maior puntuación na valoración de méritos profesionais. De persistir o empate seguirase a orde de maior puntuación nos criterios de valoración da situación persoal, segundo os criterios establecidos: situación persoal vítimas de violencia de xénero, candidato maior de 45 anos, grao de discapacidade do candidato, situación económica e responsabilidades familiares.

Sexta .- Tribunal de Selección:

O Tribunal estará integrado polos seguintes membros:

Presidente: Jorge Ojea Mato, AEDL do Concello.

Vogais:

- Francisco Lorenzo Eiriz, operario do Concello.

- José Albor González, peón de servizos diversos do Concello.

Secretario: José M^a Novo Ramos, Secretario-Interventor do Concello, que actuará con voz pero sen voto.

O Tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros. En todo caso requírese a asistencia do presidente e do secretario, ou dos que legalmente os substitúan.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes todas as dúbidas e propostas que se poidan producir na aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultada para resolver as cuestións que se poidan producir na aplicación desta bases, así como as que se susciten durante o desenvolvemento do proceso selectivo, podendo adoptar as medidas necesarias para a súa adecuada materialización.

De cada sesión o secretario do Tribunal levantará acta que asinarán todos os membros da mesma, podendo facer constar na mesma as discrepancias ou distintas posturas manifestadas polos seus membros, así como calquera outra circunstancia que consideren relevante.

Sétima.- Proposta de selección

Valorados tódolos méritos alegados polos aspirantes que reúnan as condicións esixidas, o Presidente formulará a correspondente proposta de contratación a favor dos candidatos que obtivesen a maior puntuación, remitíndose a mesma á Xunta de Goberno Local, e sen superar, en ningún caso, o número de postos convocados. Esta proposta será publicada no taboleiro de anuncios do Concello.

O tribunal configurará, igualmente, unha lista cos restantes aspirantes non seleccionados, segundo a orde da puntuación acadada, e no caso de renuncias, baixas ou substitucións, procederase ó chamamento da seguinte persoa, por rigorosa orde de puntuación, sempre que reúna os requisitos das bases reguladoras referido *Plan de activación do emprego 2023 (Liña 3)*, procedendo a súa contratación polo tempo que reste ata o remate do contrato.

No suposto de que a listaxe de agarda se esgotase ou ningún dos seus integrantes estivese dispoñible para a súa contratación polo Concello, procederáse a iniciar un novo proceso selectivo do xeito establecido nestas Bases.

Oitava.- Resolución e contratación.

Á vista da proposta do Tribunal, a Xunta de Goberno Local resolverá o procedemento selectivo, acordando a contratación dos candidatos seleccionados, de conformidade coa lexislación laboral aplicable.

O Sr. Alcalde procederá a asinar cos aspirantes seleccionados o corresponde contrato laboral para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral.

A non presentación no posto de traballo, no día e hora indicados, para o comezo da relación laboral, enténdese como renuncia ao posto de traballo salvo causas debidamente xustificadas.

Novena.- Réxime Xurídico.

Para o non previsto nestas Bases, ademais do previsto na resolución de axuda e Bases do *Plan de activación do emprego 2023 (Liña 3)* -BOP de Pontevedra do 31 de outubro de 2022-, rexerán como supletorias: a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Réxime Local; o Real Decreto 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia; o Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores; o Real Decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei de Estatuto Básico de emprego público, e Lei 2/2015 de 29 de abril de Emprego Público de Galicia, e demais disposicións concordantes.

Décima.- Incidencias.

A Tribunal de Selección queda autorizado para resolver las dúbidas que se presenten e adoptalos acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas bases.

Décima Primeira.- Impugnación.

Os/as interesados/as poderán impugnala presente convocatoria e as súas bases, así como tódolos actos administrativos que se derivan da mesma nos casos e na forma establecidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.

MODELO DE INSTANCIA

					
PARTICIPACIÓN NUN PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PERSONAL					
DATOS DO SOLICITANTE					
DNI/CIF	Nome e apelidos				
Enderezo:		Núm.	Escaleira	Andar	Porta
CP	Municipio		Provincia		

Data de nacemento	Teléfono
Correo electrónico:	

O abaixo asinante, coñecedor da convocatoria pública realizada polo Concello de Rodeiro para a provisión, con carácter temporal, de diversos postos de traballo financiados co **Programa de activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3)**,

DECLARO:

1. Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.
2. Solicito ser admitido/a ó referido concurso de méritos, para o posto/praza de _____, achegando relación de méritos que acredito, e comprométome a someterme ás bases que o regulan.

AUTORIZO:

- Que se incorpore, para valoración, o certificado de servizos prestados no Concello de Rodeiro.
- Que se expida o certificado municipal de convivencia e se incorpore ao expediente.
- Que publiquen os meus datos persoais no taboleiro e na páxina Web do Concello.

Rodeiro, ____ de _____ do 2023

Asdo.:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RODEIRO

DECLARACIÓN XURADA

Eu _____, con DNI _____, maior de idade, con domicilio no Lugar de _____

DECLARO:

1. Estar en posesión da Titulación mínima de certificado de estudos primarios, ou equivalente e dos demais requisitos específicos esixidos nas bases de selección.
2. Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondente función.
3. Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin me atopo inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de función públicas.
4. Estou en situación de desemprego, inscrito/a no Servizo Público de Emprego coma demandante non ocupado no ámbito municipal de Rodeiro e dispoñible para o emprego.

Rodeiro, a ____ de _____ do 2023

Asdo.:

9.- BASES E BAREMO PARA A PROVISIÓN DE CATRO (4) POSTOS DE TRABALLO SUBVENCIONADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2023

Dáse conta aos/ás Sres./as concelleiros/as presentes que a Deputación Provincial, por acordo da Xunta de Goberno de data 24 de xaneiro do corrente, resolveu conceder unha subvención, por importe de 120.154,08 €, para a contratación laboral de dez traballadores/as, de conformidade co solicitado por Resolución da Alcaldía de data 04/01/23, ao abeiro das bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (BOP núm. 208, do 31/10/22). Segundo a programación incluída na solicitude, cómpre proceder á provisión dos seguintes postos de traballo dos dez subvencionados: 1 educador/a social, 1 traballador/a social e 2 técnicos/as en educación infantil.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Aprobar as bases e o baremo de selección para a provisión de catro postos de traballo subvencionados ao abeiro do Plan Concellos para a activación do emprego 2023, co contido íntegro que se contén no anexo do presente acordo.

ANEXO

BASES QUE REXERÁN A SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN, CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL, DE 4 PERSOAS DESEMPREGADAS DENTRO DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2023 DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.

Primeira.- Obxecto.

As presentes bases teñen como finalidade a determinación do sistema, procedemento e criterios aplicables para a contratación, con carácter temporal, de 4 persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego, dentro da subvención concedida ao Concello en data 24.01.2023 pola Deputación de Pontevedra ao abeiro do programa de activación do emprego 2023 (Liña 3) - BOP núm. 208 do 31.10.2022 -.

Segunda.- Características da relación laboral

Co persoal finalmente seleccionado formalizarase un contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (DA 9º do RDL 3/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o TR da Lei de Emprego), sendo os traballos a

desenvolver de interese xeral e social indispensables para o bo funcionamento da comunidade e o benestar dos veciños, dentro do eido competencial propio das categorías para as que se realiza a contratación.

Denominación e número de postos ofertados:

- Educador/a Social: tempo completo, 37,5 horas/semana.
- Traballador/a social: 25 horas/semana.
- 2 Técnicos/as en educación infantil: 25 horas/semana.

Duración do contrato:

- Educador/a Social: ata o 31 de decembro.
- Traballador/a social: ata o 31 de decembro.
- 2 Técnicos/as en educación infantil: ata o 31 de decembro.

Retribucións:

- Educadora Social: 1.516,67 €/brutos mensuais, incluído prorrateo de pagas extras.
- Traballador/a social: 1.011,10 €/brutos mensuais, incluído prorrateo de pagas extras.
- Técnicos/as en educación infantil: 894,44 €/brutos mensuais, incluído prorrateo de pagas extras.

Terceira.- Requisitos dos participantes

As persoas interesadas en tomar parte nesta contratación, deberán reunir os seguintes requisitos:

I) Requisitos específicos: Perfil Profesional requirido:

a. De acordo co establecido nas bases reguladoras das axudas do Programa de activación do emprego da Deputación Provincial, publicadas no BOP do 31 de outubro de 2022, ditas axudas destinaranse á contratación laboral de persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados nas categorías/ocupacións referidas na base anterior e que estean dispoñibles para o emprego.

b. Ademais dos anteriores deberán terse en conta os seguintes requisitos específicos:

Acreditar estar en posesión da seguinte titulación e/ou formación para os seguintes postos de traballo:

- Educador/a social: título universitario en Educación Social
- Traballador social: título universitario en Traballo social
- Técnico/a en Educación Infantil: ciclo superior de F.P. en Educación Infantil

Forma de acreditación: Copia compulsada da documentación acreditativa

Este será o perfil profesional que deberá ser requirido e incorporado no momento de presentar a oferta xenérica de emprego no Servizo Público de Emprego.

II) Requisitos xerais: Serán os requisitos legalmente previstos, con carácter xeral, para o acceso ao emprego público:

a. Ser maior de 16 anos, e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

b. Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

c. Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

d. Para os nacionais doutros estados estarase ao disposto no artigo 57 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; non obstante, se non é cidadán membro da Unión Europea, deberá, posuír o permiso de traballo necesario, de acordo co establecido na Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.

e) Non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade previstas na lexislación vixente.

Estes requisitos deberán ser acreditados debidamente nos prazos e termos sinalados nestas bases para a presentación de documentación.

Cuarta.- Procedemento de selección:

a) *Preselección de candidatos mediante chamamento ao Servizo Público de Emprego:*

O Concello presentará oferta xenérica de emprego na Oficina Pública de Emprego, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir os aspirantes a ser contratados, conforme ás esixencias funcionais e profesionais da actividade a desenvolver, facendo constar a categoría profesional/postos a desenvolver. En todo caso, ditos criterios e requisitos específicos corresponderase co previsto, ao respecto, na base

terceira, apartado l) das presentes bases, e non poderán conter, en ningún caso, elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación baseada en criterios persoais e/ou subxectivos e ao marxe dos principios de obxectividade e imparcialidade que deben guiar o presente proceso.

b) Sistema de selección de candidatos:

Unha vez remitidos ao Concello, por parte da Oficina Pública de Emprego, a relación de candidatos preseleccionados para a súa posible contratación, conforme aos criterios e requisitos previamente solicitados ao abeiro do referido *Plan de activación do emprego 2023 (Liña 3)*, procederase a selección definitiva dos mesmos de acordo co establecido nos seguintes parágrafos.

O sistema de selección a empregar consistirá nun concurso de méritos, no que se procederá á valoración dos méritos alegados polos diferentes candidatos, coa finalidade de valorar a adecuación e idoneidade dos aspirantes remitidos polo Servizo Público de Emprego para o adecuado desenvolvemento das funcións, contidos e actividades do posto obxecto de cobertura.

A estes efectos, no proceso de selección valoraranse os seguintes méritos, cuxa documentación acreditativa dos mesmos deberá entregarse no Rexistro Xeral do Concello de Rodeiro, no prazo máximo de 5 días naturais dende o día seguinte ao fixado polo SPEG para a súa presentación no Concello.

Unha vez presentada a documentación reunirse o Tribunal de selección para a valoración dos méritos, podendo conceder un prazo de 1 día hábil para emenda de documentación.

1.- Situación persoal: (máximo 12 puntos)

a.- Pertencer ao colectivo de vítimas de violencia de xénero: 2,0 puntos

Acreditarase coa certificación acreditativa da condición de vítima expedida polo Punto de coordinación das Ordes de Protección, ou organismo público equivalente.

b.- Ser candidato maior de 45 anos: 2,0 puntos

Xustificarase coa copia compulsada do DNI.

c.- Ser candidato cunha discapacidade superior ao 33%: 2,0 puntos

Xustificarase co certificado oficial de recoñecemento do grao de discapacidade.

d.- Ser candidato que forma unha familia monoparental con fillo ó seu cargo: 2,0 puntos

Acreditarase coa copia compulsada do Libro de Familia e certificado municipal de convivencia, ou copia compulsada da sentenza aprobatoria do convenio regulador da garda e custodia dos menores.

e.- Situación económica: (ata 2 puntos)

- | | |
|--|-------------|
| ▪ Ingresos netos mensuais per cápita inferiores ao 50 % do IPREM | 2,00 puntos |
| ▪ Ingresos netos mensuais per cápita inferiores ao 75 % do IPREM | 1,00 puntos |
| ▪ Ingresos netos mensuais per cápita inferiores ao IPREM | 0,50 puntos |

Acredítase coa copia compulsada da última declaración de IRPF da unidade familiar. No suposto de non tela presentada, certificación negativa e de rendementos imputables expedida pola Axencia Tributaria. A estes efectos, enténdese por unidade familiar a formada polo titular, cónxuxe ou parella de feito debidamente inscrita no rexistro correspondente e fillos menores de idade.

f.- Responsabilidades familiares: (ata 2 puntos)

- | | |
|---|-------------|
| ▪ Por cada fillo | 0,50 puntos |
| ▪ Por cada fillo con discapacidade recoñecida | 1,00 puntos |
| ▪ Por familiar numerosa con título expedido | 2,00 puntos |

Acreditarase coa copia compulsada do libro de familia e certificado municipal de convivencia da unidade familiar. No caso de discapacidade ou familia numerosa, copia compulsada dos documentos que o acrediten.

2.- Méritos profesionais: Máximo 3,00 puntos.

- Por cada mes traballado en funcións relacionadas co posto a desenvolver: 0,05 puntos/ mes.

Para a determinación do número de meses acreditados polos interesados calcularase o número de días que transcorren entre a data inicial do período de servizos alegados e a data final de este. O número de días obtido dividirase entre trinta, de forma tal que o cociente enteiro resultante desta división será o número de meses por servizos prestados acreditados polo interesado. Polo tanto, todos os meses de servizos computaranse como trinta días. O resto de días inferiores a trinta que arroxen a anterior operación non será obxecto de consideración para o cómputo na valoración. A efectos do cómputo

da experiencia profesional, terase en conta a xornada de traballo fixada e a proporcionalidade que para cada período contractual resulte do informe de vida laboral.

A experiencia acreditarase mediante os correspondentes contratos laborais (ou de non telos co certificado de empresa) e informe de vida laboral. No caso de ter solicitado o informe de vida laboral e non dispor del no prazo de presentación de documentación, xuntarase a copia da solicitude debendo achegalo no prazo dos días de emenda. No suposto de traballos realizados en administracións públicas, poderá substituírse o contrato de traballo por un certificado expedido pola persoa con competencia en materia de persoal na que conste de forma fidedigna o tempo traballado, a categoría profesional desempeñada e as funcións exercidas. No caso dos servizos prestados no propio Concello de Rodeiro bastará que o solicitante autorice a incorporación ao expediente deste certificado, marcando a xanela correspondente.

Os documentos non entregados para a xustificación e valoración dos méritos no proceso selectivo, nos prazos establecidos nas presentes bases, tanto de presentación inicial como de emenda, non serán tidos en conta na valoración e non puntuarán.

A existencia dunha omisión ou falsidade nos documentos presentados para demostrar calquera dos méritos, debidamente demostrada, será causa de exclusión do proceso de selección. Si se demostra posteriormente falsidade será causa de rescisión do contrato.

Todos os documentos e informes que se acheguen deberán ser orixinais e cotexaranse no Concello

Quinta.-Resolución de empates.

En caso de empate contratarase a persoa candidata que acredite maior puntuación na valoración de méritos profesionais. De persistir o empate seguirase a orde de maior puntuación nos criterios de valoración da situación persoal, segundo os criterios establecidos: situación persoal vítimas de violencia de xénero, candidato maior de 45 anos, grao de discapacidade do candidato, situación económica e responsabilidades familiares.

Sexta .- Tribunal de Selección:

O Tribunal estará integrado polos seguintes membros:

1 Posto de Educador/a Social

Presidente: Jorge Ojea Mato, AEDL do Concello.

Vogais:

- Ana Belén Rodríguez Pérez, educadora social do Concello.
- Natalia Salgado Rodríguez, traballadora social do Concello.

Secretario: José M^º Novo Ramos, Secretario-Interventor do Concello, que actuará con voz pero sen voto.

1 Posto de Traballador Social

Presidente: Jorge Ojea Mato, AEDL do Concello.

Vogais:

- Ana Belén Rodríguez Pérez, educadora social do Concello.
- Natalia Salgado Rodríguez, traballadora social do Concello de Rodeiro.

Secretario: José María Novo Ramos, Secretario-Interventor do Concello, que actuará con voz pero sen voto.

2 Postos de Técnico/a de educación infantil

Presidente: Jorge Ojea Mato, AEDL do Concello.

Vogais:

- Raquel Blanco Valladares, mestra do Concello.
- Inés Vence Lamas, mestra do Concello.

Secretario: José M^º Novo Ramos, Secretario-Interventor do Concello, que actuará con voz pero sen voto.

O Tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros. En todo caso requírese a asistencia do presidente e do secretario, ou dos que legalmente os substitúan.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes todas as dúbidas e propostas que se poidan producir na aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultada para resolver as cuestións que se poidan producir na aplicación desta bases, así como as que se susciten durante o desenvolvemento do proceso selectivo, podendo adoptar as medidas necesarias para a súa adecuada materialización.

De cada sesión o secretario do Tribunal levantará acta que asinarán todos os membros da mesma, podendo facer constar na mesma as discrepancias ou distintas posturas manifestadas polos seus membros, así como calquera outra circunstancia que consideren relevante.

Sétima.- Proposta de selección

Valorados tódolos méritos alegados polos aspirantes que reúnan as condicións esixidas, o Presidente formulará a correspondente proposta de contratación a favor dos candidatos que obtivesen a maior puntuación, remitíndose a mesma á Xunta de Goberno Local, e sen superar, en ningún caso, o número de postos convocados. Esta proposta será publicada no taboleiro de anuncios do Concello.

O tribunal configurará, igualmente, unha lista cos restantes aspirantes non seleccionados, segundo a orde da puntuación acadada, e no caso de renuncias, baixas ou substitucións, procederáse ó chamamento da seguinte persoa, por rigorosa orde de puntuación, sempre que reúna os requisitos das bases reguladoras referido *Plan de activación do emprego 2023 (Liña 3)*, procedendo a súa contratación polo tempo que reste ata o remate do contrato.

No suposto de que a listaxe de agarda se esgotase ou ningún dos seus integrantes estivese dispoñible para a súa contratación polo Concello, procederáse a iniciar un novo proceso selectivo do xeito establecido nestas Bases.

Oitava.- Resolución e contratación.

Á vista da proposta do Tribunal, a Xunta de Goberno Local resolverá o procedemento selectivo, acordando a contratación dos candidatos seleccionados, de conformidade coa lexislación laboral aplicable.

O Sr. Alcalde procederá a asinar cos aspirantes seleccionados o corresponde contrato laboral para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral.

A non presentación no posto de traballo, no día e hora indicados, para o comezo da relación laboral, enténdese como renuncia ao posto de traballo salvo causas debidamente xustificadas.

Novena.- Réxime Xurídico.

Para o non previsto nestas Bases, ademais do previsto na resolución de axuda e Bases do *Plan de activación do emprego 2023 (Liña 3)* -BOP de Pontevedra do 31 de outubro de 2022-, rexerán como supletorias: a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Réxime Local; o Real Decreto 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia; o Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores; o Real Decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei de Estatuto Básico de emprego público, e Lei 2/2015 de 29 de abril de Emprego Público de Galicia, e demais disposicións concordantes.

Décima.- Incidencias.

A Tribunal de Selección queda autorizado para resolver las dúbidas que se presenten e adoptalos acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas bases.

Décima Primeira.- Impugnación.

Os/as interesados/as poderán impugnala presente convocatoria e as súas bases, así como tódolos actos administrativos que se derivan da mesma nos casos e na forma establecidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.

MODELO DE INSTANCIA



DATOS DO SOLICITANTE						
DNI/CIF		Nome e apelidos				
Enderezo:			Núm.	Escalera	Andar	Porta
CP	Municipio		Provincia			
Data de nacemento			Teléfono			
Correo electrónico:						

O abaixo asinante, coñecedor da convocatoria pública realizada polo Concello de Rodeiro para a provisión, con carácter temporal, de diversos postos de traballo financiados co **Programa de activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3)**,

DECLARO:

- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.
- Solicito ser admitido/a ó referido concurso de méritos, para o posto/praza de _____, achegando relación de méritos que acredito, e comprométome a someterme ás bases que o regulan.

AUTORIZO:

- Que se incorpore, para valoración, o certificado de servizos prestados no Concello de Rodeiro.
- Que se expida o certificado municipal de convivencia e se incorpore ao expediente.
- Que publiquen os meus datos persoais no taboleiro e na páxina Web do Concello.

Rodeiro, ____ de _____ do 2023

Asdo.:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RODEIROO

DECLARACIÓN XURADA

Eu _____, con DNI _____, maior de idade, con domicilio no Lugar de _____

DECLARO:

- Estar en posesión da Titulación mínima de certificado de estudos primarios, ou equivalente e dos demais requisitos específicos esixidos nas bases de selección.

2. Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondente función.

3. Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin me atopo inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de función públicas.

4. Estou en situación de desemprego, inscrito/a no Servizo Público de Emprego coma demandante non ocupado no ámbito municipal de Rodeiro e dispoñible para o emprego.

Rodeiro, a _____ de _____ do 2023

Asdo.:

10.- ALTAS DE USUARIAS NO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR BENEFICIARIAS DA LEI 39/2006, DO 14 DE DECEMBRO, DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA

A existencia de dispoñibilidade horaria no servizo municipal de axuda no fogar permite acordar dúas novas altas de usuarias de dito servizo segundo a prioridade establecida no Programa de Asignación de Recursos (PAR) xestionado pola Consellería de Política Social, e que se adapte ao número de horas dispoñibles no PIA a prestar, cumprindo ditas circunstancias nesta data Dona Amalia Lorenzo Bernárdez e Dona Felicidad Gómez Sánchez.

Debidamente informados de canto antecede, e de conformidade co informe emitido pola traballadora social do Concello Dona Natalia Salgado Rodríguez en data 14/02/23, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acuerda dar de alta no servizo de axuda no fogar da Lei de Dependencia ás seguintes usuarias:

1)

NOME E APELIDOS: Amalia Lorenzo Bernárdez

DNI: ██████████

DOMICILIO: Lugar de Cuñarro do Medio, parroquia de Arnego

VALORACIÓN: ██████████

NATUREZA DO SERVIZO: Axuda no Fogar, modalidade recurso idóneo

PARTICIPACIÓN NO CUSTE DO SERVIZO: 1,93 €/hora

2)

NOME E APELIDOS: Felicidad Gómez Sánchez

DNI: ██████████

DOMICILIO: Lugar de Mouriz, parroquia de Río

VALORACIÓN ██████████

NATUREZA DO SERVIZO: Axuda no Fogar, modalidade recurso idóneo

PARTICIPACIÓN NO CUSTE DO SERVIZO: 2,00 €/hora

11.- CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA POR GOCE DE VACACIÓNS

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona María Teresa Conde Lorenzo, traballadora laboral do Concello no posto de traballo de auxiliar de axuda no fogar, ten solicitado o goce das súas vacacións anuais pendentes dos anos 2021 e 2022, que non puido gozar dentro de ditas anualidades por mor da súa situación de baixa laboral por IT. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun/dunha novo/a traballador/a que preste o devandito servizo durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos/ás usuarios/as beneficiarios/as da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que as contratacións propostas non contradín a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Traballo e Benestar, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que o posto de traballo debера ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes e a proposta da traballadora social municipal Dona Natalia Salgado Rodríguez, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por circunstancias da produción, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ SANDRA ESTÉVEZ IGLESIAS, con DNI núm. [REDACTED], a tempo completo (37,5 horas/semana), entre os días 16 de febreiro e 27 de marzo de 2023, ambos inclusive, en substitución de María Teresa Conde Lorenzo.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

12.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- LA VOZ DE GALICIA S.A. 266,20 €
Por publicidade institucional do Concello nas festas de San Vicente de Rodeiro, s/factura núm. P23000192 (FACe).
- LAURA MOURE MIGUÉLEZ 60,44 €
Por publicidade institucional do Concello no diario dixital “Ecos da Comarca”, s/factura núm. 12.
- SERTECO-OR S.L. 587,35 €, 61,71 € E 65,53 €
Por traballos de mantemento das máquinas fotocopiadoras do Concello, s/facturas núm. 23A122, 23A123 e 23A124 (FACe).
- SERTECO-OR S.L. 212,45 €
Por subministro de repostos informáticos, s/factura núm. 23A75 (FACe).
- COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER S.A. 13.747,31 €
Por consumos de enerxía eléctrica no Concello no mes de xaneiro de 2023, s/recibos.

- NATURGY IBERIA S.A. 7.734,45 €
Por consumos de enerxía eléctrica nas dependencias municipais no mes de xaneiro de 2023, s/recibos.
- ULLA OIL S.L. 1.082,54 €
Por subministro de gasóleo de calefacción para o Centro de Saúde, s/factura núm. 43881 (FACe).
- RODOIL S.L. 73,45 €
Por subministro de gasóleo de calefacción para o Centro de Saúde, s/factura núm. 2023/23000004 (FACe).
- FERRODEIRO S.L. 968,00 €
Por subministro de pellets para a calefacción da Casa do Concello, s/factura núm. 000273.
- SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A., S.M.E. 26,29 € E 74,62 €
Por franqueo de correspondencia oficial do Concello e Xulgado de Paz no mes de xaneiro de 2023, s/facturas núm. 4003601148 e 4003601149 (FACe).
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 198,44 € E 527,16 €
Por consumos de telefonía fixa, móbil e datos, s/facturas núm. TA7000001394 e TA7000001395 (FACe).
- TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. 27,83 €, 0,00 € E 0,00 €
Por consumos das liñas de telefonía móbil do Concello, s/facturas núm. 28-B3M0-060931, 28-B3DD-043520 e 28-B3DD-077060 (FACe).
- PLUS ULTRA SEGUROS S.A. 641,50 € E 229,51 €
Por seguros anuais do tractor NEW HOLLAND do Concello, s/facturas núm. APSPLUS202300000478 e APSPLUS202300000479 (FACe).
- XUNTA DE GALICIA 6.242,41 €
Por autoliquidación do canon da auga correspondente ao terceiro cuadrimestre de 2022, s/cargo.

- QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES S.A.U. 90,68 €
Por prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria a usuarios do Concello no mes de xaneiro de 2023, s/factura núm. 23ZNX0004379 (FACe).
- SOCISER GALICIA S.L.U. 225,44 €
Por prestación de servizos de axuda no fogar, modalidade de libre concorrencia, no mes de xaneiro de 2023, s/factura núm. 23A/00007 (FACe).
- SOCISER GALICIA S.L.U. 5.989,63 €
Por prestación de servizos de axuda no fogar, modalidade de dependencia, no mes de xaneiro de 2023, s/factura núm. 23A/00008 (FACe).
- RODOIL S.L. 70,61 €
Por lavado e subministro de combustible ao vehículo da AVPC no mes de xaneiro de 2023, s/factura núm. 2023/23000003 (FACe).
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 72,60 €
Por diversos traballos realizados na Casa do Concello, s/factura núm. 8/23.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 688,49 €
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumeadado público do Concello, s/factura núm. 10/23.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 38,72 €
Por diversos traballos realizados no Centro de Saúde, s/factura núm. 11/23.
- RODOIL S.L. 70,22 €, 76,94 €, 42,48 €, 147,44 €, 129,39 € E 10,99 €
Por subministro de combustible aos vehículos da brigada municipal de obras no mes de xaneiro de 2023, s/facturas núm. 2023/23000005, 2023/23000007, 2023/23000008, 2023/23000009, 2023/23000010 e 2023/23000011 (FACe).

- FERRODEIRO S.L. 544,69 €
Por subministro de materiais de ferraxería para obras municipais, s/factura núm. 000274.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 399,30 €
Por traballos de fontanería para o Concello, s/factura núm. 9/23.
- COSAPLAG S.L.U. 187,43 €
Por analítica de potabilidade da auga do abastecemento municipal, s/factura núm. 20230433 (FACe).
- RODOIL S.L. 5,00 €
Por lavado do camión de recollida do lixo no mes de xaneiro de 2023, s/factura núm. 2023/23000006 (FACe).
- SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS S.L.U. 424,60 €
Por servizo consistente na recollida selectiva de residuos da fracción de envases lixeiros (bolsa amarela) e da fracción papel-cartón no mes de xaneiro de 2023, s/factura núm. 2396 (FACe).
- ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE MÚSICA DE VILATUXE 2.100,00 €
Por actuación musical nas festas patronais de San Vicente en Rodeiro, s/factura núm. 2301 (FACe).
- CARLOS DIÉGUEZ PRIMERO S.L. 17.674,47 €
Por transporte de materiais para obras en camiños municipais, s/factura núm. 52023 (FACe).
- REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A. 2.290,29 €
Por subministro de aglomerado en frío para obras en camiños municipais, s/factura núm. 0041207367 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as trece horas corenta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)